

Luns, 31 de xullo de 2023

Núm. 146

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOMIÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN FIRMA TRAMITACIÓN EXPEDIENTES LEY 3/02007 DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

DECRETO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA TRAMITACIÓN EXPEDIENTES LEI 3/2007, DO 9 DE ABRIL, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTALES EN GALICIA

Na súa data foi aprobada a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, norma de planificación preventiva na loita contra incendios en canto se asenta na acción concertada de todas as Administracións Públicas.

A Lei 3/2007 utiliza a técnica normativa habitual de dedicar un bloque de artigos ás competencias de cada Administración.

No que se refire a Admón. Local a mesma ven recollida no seu artigo 7 que recolle como competencia dos Concellos a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o chan e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 135-c e 136 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 332.1 e 333 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e de xeito máis concreto a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 22 e 23 da presente Lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da presente Lei con arranxo ao establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, de 5 de agosto, de Administración Local de Galicia.

Neste senso establécese que as edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos, e as instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais así como as vivendas vinculadas ás mesmas situadas en zonas de alto risco de incendios forestais, e as urbanizacións, edificacións e instalacións resultantes da execución de plans de ordenación urbanística situadas nas zonas de influencia forestal que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención :

1.—Asegurar a existencia dunha franxa de protección de 50 metros de ancho ao seu arredor, libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, con arranxo aos criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal.



Luns, 31 de xullo de 2023

Núm. 146

2.—Manter o terreo non edificado da parcela ou parcelas e o viario de titularidade privada libres de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, con arranxo aos criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal, así como os viais de titularidade privada.

3.—Adoptar medidas especiais relativas á resistencia do edificio, ao paso do lume e á contención de posibles fontes de ignición procedente de incendios forestais, no edificio e nos seus respectivos accesos.

4.—Dispoñer dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios, ou na súa falta de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

5.—Presentar ante a administración municipal un plan de prevención e defensa contra incendios forestais os propietarios ou propietarias, ou no caso de urbanizacións polo órgano de xestión ou xunta urbanizadora.

En caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderá ao concello a súa realización, acudindo á execución forzosa sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador.

A tenor de todo o anterior e visto os artigos 135-c e 136 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 332.1 e 333 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que é obriga dos propietarios dos terreos, e urbanizacións de iniciativa particular e edificacións mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico, e que os Concellos ordenarán de oficio ou por instancia de calquera interesado, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación de prazo de realización.

As vistas de todo o anterior resolvo:

1.- DELEGAR con carácter especial na Concelleira delegada de Medio Ambiente, Ana Belén Casaleiro González, o impulso e resolucións dos devanditos expedientes e tendo en conta a súa implicación coa normativa urbanística, dispoño que a tramitación dos mesmos será desenvolvida polo citado departamento do Concello.

2.-A citada Concelleira corresponderá en todo caso a adopción dos correspondentes actos administrativos en relación aos mencionados expedientes así como a resolución de todos os recursos administrativos que se interpoñan contra actos e acordos municipais en cumprimento desta delegación AGÁS os sancionadores ou outras atribucións que non sexan susceptibles de delegación, que seguirán sendo da competencia da alcaldía.

3.- Dar conta deste Decreto ao Pleno Municipal e publicar o edicto correspondente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da difusión do mesmo nos distintos Servizos municipais entrando en vigor dende a súa sinatura.

Tomiño, data da sinatura dixital.

A alcaldesa

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: UH0801FD04T11VM

